## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 9 de abril de 2007 pola que se ditan normas que determinan os servizos mínimos durante a folga indefinida que afecta o ensino público non universitario convocada desde o día 16 de abril de 2007.*

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño), entre os que se atopa a educación.

O artigo 3 do devandito decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados para que, mediante orde e ante cada situación de folga, determinen o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, e o persoal preciso para prestalos.

Como consecuencia da asemblea de profesorado non numerario de Galiza que tivo lugar o 17 de marzo de 2007 en Santiago de Compostela, comunicouse a convocatoria dunha folga indefinida no ensino público non universitario a partir do 10 de abril. Posteriormente o comité de folga presentou un escrito no que se poñía de manifesto que se aprazaba o inicio da folga o día 16 de abril de 2007.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga á Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan e xustifican na presente orde.

O servizo esencial da educación non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que, xunto a esta actividade docente, se realizan outras funcións como son a vixilancia e coidado dos nenos e nenas menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos. Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, o artigo 15 do Real decreto 732/1995, do 5 de maio, publicado no BOE do 2 de xuño, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros, dispón no seu artigo 15 que todos os alumnos teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade. Polo tanto, a custodia dos menores de idade que se atopen nun centro docente público, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos, establécese a necesaria presenza no centro docente público non universitario do director ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo, xa que o director desempeña a representación do centro e garante o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan, respectivamente, as alíneas d) e a) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicada no BOE do 4 de maio, e, polo tanto, está capacitado e facultado para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente. Por ocupar unha posición semellante á sinalada respecto do director, tamén se considera servizo mínimo a presenza, no período lectivo, dos responsables de centros de menos de tres unidades.

En consecuencia, de acordo coa normativa citada e de conformidade co comité de folga,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º

Terán a consideración de servizos mínimos para o persoal docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a presenza durante a xornada lectiva do/a director/a ou membro do equipo directivo de cada centro docente non universitario, incluídos os responsables de centros de menos de tres unidades.

Artigo 2º

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde será sancionado de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 3º

O disposto nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ao persoal na dita situación.

Artigo 4º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos docentes.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

*Resolución do 21 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2005-2006.*

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 15 de febreiro de 2007, pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2005-2006, e de conformidade co establecido no artigo 7 desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes, esta dirección xeral

*RESOLVE:*

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2005-2006 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección poderanse designar os especialistas necesarios para que asesoren o xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2007.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

*ANEXO*

Xurado de selección.

Presidente: José Graña Carrodeguas, subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo en delegación da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Membros:

Gonzalo Sanmartín Brey, xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Xosé María Cerviño Varela, xefe do Servizo de Formación Profesional.

Jesús Álvarez Marcote, inspector de educación.

Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de educación.

José Luis Vázquez Fernández, inspector de educación.

Carmen García Rodríguez, inspectora de educación.

Carlos Salvado Fernández, profesor de ensino secundario.

José Antonio Jardón Bahía, profesor de ensino secundario.

Margarita Pin Rodríguez, profesora de ensino secundario.

Carmén Rey Castro, profesora de ensino secundario.

Jesús Manuel Rodríguez Buján, profesor de ensino secundario.

Ana Isabel Campaña Collazo, profesora de ensino secundario.

Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretario.

*Resolución do 28 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica en centros docentes sostidos con fondos públicos.*

A disposición segunda da Orde do 1 de abril de 2002 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica determina que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará, polo menos unha vez por ano, unha proba para o acceso aos ciclos formativos que se impartan na Comunidade Autónoma de Galicia. A esta proba unicamente poderán concorrer as persoas que non reúnan os requisitos académicos que permitan o acceso directo aos ciclos formativos.

A disposición derradeira primeira da devandita orde autoriza a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nela.

Na súa virtude, esta dirección xeral

*RESOLVE:*

Anunciar a convocatoria de realización das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e grao superior de formación profesional específica para o curso 2007-2008, consonte as seguintes disposicións:

Capítulo I
Ciclos formativos de grao medio

Primeiro.-Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio.

Esta proba de acceso defínese na Orde do 1 de abril de 2002 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, así como na Orde do 30 de xaneiro de 2007 (DOG do 15 de febreiro, con corrección de erros no DOG do 5 de marzo), pola que se modifica a